

ACTA DA COMISIÓN ENCARGADA DA RESOLUCIÓN DA III CONVOCATORIA DE CONTRATOS PROGRAMA PARA O DESEÑO ESTRATÉXICO E A INNOVACIÓN NA UDC

Convocada a reunión da comisión encargada de resolver a III convocatoria de Contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC para o día 24 de setembro de 2007 ás 11.30 horas na sala de comisións número 2 da Reitoría, asisten a vicerreitora de Investigación, a vicerreitora de Organización Académica, o vicerreitor de Profesorado, o vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea e o director do CUFIE. Escusan a súa asistencia o vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica o xerente e o director da UTC. Na reunión apróbanse os criterios que se van seguir para a resolución da convocatoria. Tanto os criterios establecidos como as propostas figuran a continuación.

Convocatoria para facultades e escolas

Segundo o establecido nas bases da convocatoria acórdase financiar os proxectos asumidos polos centros participantes coas cantidades establecidas nesta.

No caso de existiren dous coordinadores oficiais dun mesmo máster financiarase só a un deles. Un cargo unipersoal non poderá recibir ao mesmo tempo financiamento por coordinación de máster, aínda que si poderá recibir nomeamento.

Un cargo unipersoal non poderá percibir simultaneamente a axuda por PRCC.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo IA.

Convocatoria para departamentos e institutos de investigación

Segundo o establecido nas bases da convocatoria acórdase financiar o proxecto asumido polos departamentos participantes coas cantidades establecidas nela.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo IB.

Convocatoria para o profesorado

No relativo a convocatoria de innovación docente a comisión acorda financiar cada proxecto presentado coa cantidade de 1000 euros. Non se aprobará máis dun proxecto presentado de xeito individual cun máximo de dous compartidos.

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo IIA.

No relativo á convocatoria de materias para o proxecto OCW acórdase rexeitar aquelas que non teñan introducidos contidos na FV ou que non estén dadas de alta actualmente na dita plataforma..

Aplicados estes criterios ás solicitudes a proposta de reparto é a que figura no anexo IIB.

Convocatoria para o persoal de administración e servizos

A comisión acorda atribuír o financiamento a cada proxecto individual, sen ter en consideración o número de persoas implicadas. A persoa de referencia do proxecto será quen determinará co visto e prace do resto das persoas participantes a porcentaxe do total que debe recibir cada un, en función do peso relativo que teñan as tarefas que lle fosen encargadas. Deberá comunicalo á Vicerreitoría antes do 15 de outubro; en caso contrario, entenderase que o reparto é proporcional.

A comisión acorda non aprobar máis dun proxecto presentado de xeito individual cun máximo de tres compartidos.

Tipo A: Traballos técnicos de complexidade alta: 1 punto

Tipo B. Traballos de análise e de documentación ou de apoio técnico de nivel medio: 0.50

Aplicados estes criterios ás solicitudes recibidas, a proposta de reparto é a que figura no anexo III.